



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

Expdte.: 2019/X999/001546

DECRETO.-

ANTECEDENTES DE FEITO:

- Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 23 de abril de 2019, pola que se acorda conceder unha subvención ao concello das Pontes para a obra ou servizo: "tarefas de silvicultura en diversas zonas públicas" (Expediente: TR351G2019-000039-1).
- Proposta de Bases da convocatoria do correspondente proceso selectivo (APROL RURAL 2019), de data 03/05/2019.
- Reparación, de carácter suspensivo, emitido pola Intervención Municipal (nº 391).
- Levantamento do reparo suspensivo por Decreto da Alcaldía nº 747/2019, de data 13 de maio.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público. (RDlexislativo 5/2015, de 30 de outubro) (EBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Decreto de delegación de funcións no concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos (1251/2015) complementado polo Decreto 2438/2015, de 23 de decembro.

Por iso, **RESOLVO:**

Único: A aprobación das seguintes bases:

BASES ESPECIFICAS QUE REXERAN NA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO PROCEDIMENTO APROL RURAL/2019.

1ª.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é dar cobertura ao proceso selectivo dunha persoa (1), coa categoría profesional que se especifica, para dar cumprimento ao establecido na convocatoria de subvención outorgada ao Concello das Pontes de García Rodríguez ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 12 de decembro de 2018, modificada pola Orde do 28 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 23 do 1 de febreiro), no expediente número TR351G2019-000039-1; afectando, unicamente, a aquelas persoas que propoña a Oficina de emprego das Pontes, en relación coa Base Quinta.

2ª.- Características, período, modalidade de contratación e retribución do posto:

Denominación: Peón de limpeza.

Período: Nove meses.

Modalidade: contrato de duración determinada, por obra ou servizo de interese social.

Retribución: 1.119,19 €/mes.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

3ª.- Sistema de provisión:

Oposición.

4ª.- Requisitos dos aspirantes:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.
- c) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego.
- f) Cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos pola Orde da Convocatoria.

5ª.- Presentación de oferta de emprego no Servizo Público de emprego:

Remitirse na forma e prazos especificados na Orde da convocatoria, así como na resolución de concesión de subvención e cos requisitos que dita Orde recolle.

6ª.- Comisión Seleccionadora:

Estará integrada polos membros seguintes, todos eles con voz e voto:

- Presidente:

Titular: D. Carlos Rego Guerreiro.

Suplente: D. Basilio Otero Vilasuso.

- 1º Vogal:

Titular: Dª Guadalupe Rouco Alonso.

Suplente: Dª Angeles Pérez Paz.

- 2º Vogal:

Titular: D. José Cabaleiro Franco.

Suplente: D. Domingo Meizoso Fornos.

- 3º Vogal:

Titular: D. José Antonio García Roca.

Suplente: D. J. Ignacio Bouza Martínez.

- Secretaria:

Titular: Dª Ana Isabel Caaveiro Franco.

Suplente: Dª Katia Rouco Corral.

7ª.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

7.1 Será criterio preferente a adecuación ao posto de traballo dos aspirantes, dentro da valoración xeral do perfil profesional que figure no Servizo Público de Emprego. A Comisión Seleccionadora decidirá por maioría o xeito de adxudicación en función do citado perfil.

Realizarase un exame oral e/ou práctico ao persoal remitido pola oficina de emprego, que consistirá na formulación de oito preguntas ou probas prácticas sobre algún dos temas seguintes:

- 1º) Procesos de traballo dun peón: Ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.
- 2º) Recoñecemento de ferramentas utilizadas en desbroce.
- 3º) Manexo de cargas: Tipoloxía e modalidades de utilización.
- 4º) Mantemento de xardíns. Segra e acumulación de materiais.
- 5º) Mantemento de cunetas e gabias.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL. 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

7.2 Os aspirantes que non posúan acreditación CELGA 1 ou similar, terán que realizar un exercicio de conversación, de duración non superior a dez minutos, que se cualificará como APTO ou non APTO, sendo a cualidade de NON APTO causa de eliminación do proceso.

8ª.- Cualificación:

Cada pregunta ou proba será puntuada entre cero e dez puntos, sendo proposto o aspirante que acade a maior puntuación e sendo necesario para superar cada proba obter un mínimo de cinco puntos.

9ª.- Reclamacións e recursos:

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante este no prazo dos tres días seguintes ao de ser publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc., efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, perante o Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos.

Contra a Resolución do Concelleiro Delegado de nomeamento do aspirante seleccionado, lista de espera, etc, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o dito concelleiro no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña aquel o seu domicilio.

10ª.- Presentación da documentación.

Concluídas as probas, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e páxina web municipais a relación de aspirantes que resulten aprobados, ata o límite máximo do número de prazas convocadas.

Coa finalidade de asegurar a cobertura das prazas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados antes da súa contratación, ou a persoa proposta non sexa contratada, entenderase feita a proposta en favor do aspirante que tivera superado as probas selectivas e houbera acadado a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Do mesmo xeito actuarase no suposto de que algún aspirante fora excluído da contratación por non presentación, falsidade na documentación ou renunciase por calquera das causas previstas en Dereito, sen que teña que reunirse novamente o Tribunal para formular a proposta de contratación. Non se poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.

O aspirante proposto polo Tribunal aportará ante este Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados dende a data en que se teña publicado a relación de aprobados, a documentación esixida na Base Quinta.

Unha vez presentada a documentación polo aspirante proposto polo Tribunal, e esta fora conforme aos requisitos exixidos na convocatoria, será contratado como traballador do Concello das Pontes conforme ao Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e demais normativa de aplicación.

11ª.- Impugnación.

As presentes Bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

FIRMA: 13/05/2019 14:35:00

Adrián Márquez Carámés

(FECHA: 13/05/2019 14:14:00)

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 13/05/2019 14:14:00)

Decreto N.º: 779/2019 - Fecha de decreto: 13/05/2019

Versión imprimible

CVD: nFBKk1fEazzFlwSPAG6W

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL.01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

12ª.- Norma final.

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro; e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

As Pontes de García Rodríguez.

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 13/05/2019 14:14:00) / Adrián Márquez Caramés (FECHA: 13/05/2019 14:35:00)

Decreto N°: 779/2019 - Fecha de decreto: 13/05/2019

Version imprimible

CVD: nFBKklfEazzFlwSPAG6W

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.